O Decreto 571/1963 sobre protección de escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. O escudo ou brasón que loce a fachada deste inmoble ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
Os elementos que se inclúen nesta ficha contan cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER

SOLAINAS
ESCUDOS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
CHEMINEAS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	RELIXIOSA	**A-4**	**A_183**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Capela da Virxe do Monte	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Monte Farelo**

COORDENADAS: 483553 , 4775655

DESCRICIÓN:

Construída no s. XVIII, ten unha nave de planta rectangular, muros sen recebar e cuberta a dúas augas. A fachada, construída en opus vittatum, presenta unha porta rectangular e, sobre ela, unha ventá. Coroa o conxunto unha espadaña dun único van enmarcado por un lintel coroado por cruz sen figuración flanqueada por pináculos.
Con posterioridade á construción da capela, e pegada ao muro S da nave levantouse un engadido de planta rectangular utilizando opus incertum (que orixinalmente foi recebado e pintado), así como pezas de cantería ben dimensionada nos eixes estruturais.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	BO	PARROQUIAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN ESPAZOS NATURAIS

OBSERVACIÓNS:

A tradición conta que esta Virxe era irmá da Virxe da Barca e cada unha delas decidiu instarse nun lado da ría. A Virxe avisaba os mariñeiros cando había tormenta para que non saísen a navegar. Estes, na súa honra, erixiron unha igrexa en Camariñas pero foi destruída por unha tormenta. Tempo despois a imaxe da Virxe apareceu onde hoxe se ergue a capela. Todos os anos celébrase unha romaxe o luns de Pascua.
O elemento ao que se refire esta ficha conta cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	MILITAR	**A-15**	**A_184**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Castelo do Soberano	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Punta do Castelo**

COORDENADAS: 485066 , 4774799

DESCRICIÓN:

O Castelo do Soberano de Camariñas, así denominado grazas ao seu promotor, Carlos III (1759-1788), xunto con outras das rías da costa galega, foi un importantes enclaves defensivo durante as batallas navais que ocuparon Europa durante os séculos XVI, XVII e XVIII.
A mediados do s.XVII comézanse a proxectar fortificacións para a defensa desta zona costeira e en 1740 xa se construíra parte da Batería de Camariñas. En 1801 construíuse outra batería de costa en Muxía para defender a totalidade da ría.
A Batería do Soberano constaba, cara a terra, dun recinto amurallado cun baluarte, dous medios baluartes e un foxo entre eles. A entrada estaba sita nun lateral do baluarte central. Para a defensa da parte que dá ao mar construíuse unha batería curva con dezasete troneiras. Entre os dous recintos emprazábase unha nave que servía de polvorín, almacén e acuertalamento.
Estaba construído con grandes bloques de granito e actualmente só se conservan os cimentos e parte da zona baixa do muro exterior. Perdida a súa utilidade como recinto defensivo, o Castelo do Soberano foi desmontado na década de 1940. Ata hai pouco tempo, na dársena do porto, eran visibles os canóns servindo de amarre para os barcos.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	INTEGRAL	MOI MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

Este elemento foi declarado BIC en aplicación do Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os castelos españois, estando sometido ao establecido para os Bens de Interese Cultural (BIC) na Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.
Este ben conta cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER
TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	**A-13**	**A_185**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa tradicional	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Rúa da Fonte nº 1**

COORDENADAS: 485185 , 4775640

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. A casa, erixida entre medianeiras, dispón dun escaso número de portasdaire (con acceso a un balcón individual) e fiestras na súa planta residencial, situando algún oco de mediano tamaño (portas de acceso e xanelas) no piso terreo. A distribución dos vans segue un ritmo irregular ao longo da súa fachada, protagonizada por amplos lenzos murarios sen horadar. Esta presenta todos os seus muros integramente recebados e pintados.

Ao igual que acontece noutras vivendas da vila, nas últimas décadas do século pasado unha parte das casas tradicionais -caso desta que nos ocupa- foron ampliadas a través de volumes de nova planta que se levantaron entre o rueiro e a arquitectura orixinal.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

DISPOSICIÓN DE OCOS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	PAZO	**F-11**	**A_186**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Pazo de Mouzo	**XAVIÑA**	**Tasaraño**	**Tasaraño**

COORDENADAS: 488192 , 4776559

DESCRICIÓN:

Encerrado por unha muralla de pedras, ten planta rectangular e a súa fachada principal, o Pazo de Mouro (nome que recibe dos seus primeiros propietarios) presenta un pequeno balcón central e ventás.
Pódese datar a mediados do s.XVIII xa que no curso da última restauración, no ano 1987, atopouse unha pequena inscrición que informa dunha restauración anterior a 1787.
Ao edificio accédese a través dunha escaleira de pedra. O pazo é de planta rectangular e ten dous andares. Os muros son de pedra granítica e a fachada é de gran sinxeleza, cun balcón sobre a porta de entrada, con arco de medio punto e flanqueado por dúas pilastras situadas baixo a moldura quebrada a modo de cornixa.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	BO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Inmediato ao pazo sitúanse as vivendas do servizo, un pombal e dous (2) cabazos monumentais tipo Fisterra que gozan de idéntico grao de protección que o edificio principal.
A Finca Singular sobre a que se erguen os elementos que conforman esta ficha gozará de idéntica protección que aqueles.
Os elementos que se inclúen nesta ficha contan cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER

POMBAL
HÓRREOS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	**E-8**	**A_187**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa Grande	**XAVIÑA**	**A Gándara**	**A Gándara**

COORDENADAS: 487598 , 4778223

DESCRICIÓN:

Vivenda exenta de tipoloxía tradicional e grande tamaño que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. Orientada ao poñente, a súa fachada presenta unha disposición de ocos regular que combina xanelas de tres e catro batentes. No eixe da composición sitúase a porta de acceso principal e, sobre ela, unha portadaire que dá acceso a un balcón voado.
O edificio levántase en cachotería (opus incertum), deixando espazo nos ángulos para pezas de meirande tamaño, tamén presentes no contorno dos ocos de acceso e iluminación.
Destaca a cheminea labrada en cantería (opus quadratum) que se localiza no muro penal N da edificación.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
NÚCLEO RURAL EXPANSIÓN

OBSERVACIÓNS:
O hórreo, que ten a consideración de BIC, goza dun nivel de Protección Integral.

ELEMENTOS A PROTEXER
HÓRREOS
ALPENDRES

MELLORAS NECESARIAS:
Retirada da luminaria do hórreo e reubicación.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	CIVIL	**J-12**	**A_188**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casa tradicional con hórreo	**PONTE DO PORTO**	**As Barrosas**	**Rúa Calzada nº 20**

COORDENADAS: 491093, 4776061

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. A casa, erixida entre medianeiras e orientada ao NE, dispón dúas portasdaire no piso residencial, unha delas con acceso a un balcón corrido na fachada principal, ocos que se converten en portas e fiestras na planta inferior.
A fachada alterna cantería, localizada nos eixes estruturais e no contorno dos vans, con cachotería (opus incertum) enfoscada nos entrepanos.
Pegado ao muro piñón S érguese un alpendre a unha auga que precede a un hórreo elevado de 10 pés integramente labrado en pedra.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:
O hórreo gozará dun grao de protección Integral en virtude da súa consideración legal de BIC.

ELEMENTOS A PROTEXER
HÓRREOS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	**I-12**	**E_001**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro do Adro	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**Adro da Igrexa de San Roque**

COORDENADAS: 490819 , 4776319

DESCRICIÓN:

Cruceiro figurado realizado en granito. Posúe cruz achafranada con remates florenzados no que se fixan as imaxes de Cristo crucificado con tres cravos, mans pechadas, coroa de espiñas, pano de pureza anoado á dereita e INRI sobre a cartela no anverso. No reverso a Virxe en actitude orante cos dedos das mans entrelazados e anxos coroándoa. Como elemento de soporte un fuste octogonal que comeza cadrado; base cuadrangular con caveira con tibias en ´X´; plataforma cuadrangular de dous graos.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	BO	PARROQUIAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 571/1963.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**I-12**	**E_002**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cabaceiro e eira na rúa do Sixto nº 6	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**Rúa do Sixto nº 6**

COORDENADAS: 490572 , 4776413

DESCRICIÓN:

Singular hórreo ou paneira de grande tamaño erixido sobre celeiro de cantería que aparece labrado integramente en pedra. Trátase dunha versión primitivista do tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular formada por fiadas de pedras horizontais irregulares que, malia a escasa calidade da plementería (opus incertum), buscan unha certa orde e proxección horizontal. O cabaceiro aparece totalmente desprovisto de ornamentación.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	ESTRUTURAL	REGULAR	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Reposición da cuberta orixinal de tella do país.
Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	FONTES	**I-11**	**E_003**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Fonte á beira da rúa Sixto	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**Rúa do Sixto s/n**

COORDENADAS: 490693 , 4776487

DESCRICIÓN:

Fonte en forma de cubo labrada integramente en granito da modalidade de opus quadratum. Situada no medio dunha escalinata de pedra (o manancial localízase varios metros por baixo do nivel do terreo), a fonte presenta un único cano localizado no seu zócolo. Sobre el un cubo de menores dimensións modestamente moldurado con pilastras angulares que sustentan unha cornixa que presenta unha moldura de bocel ou toro.
Coroa a peza un elemento ornamental en forma de troncopirámide truncada na que se repite a mesma moldura que describimos máis arriba.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	MOI MALO	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER: TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS: Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	**A-13**	**E_004**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro da Praza do Carme	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Praza do Carme s/n**

COORDENADAS: 485152 , 4775452

DESCRICIÓN:

Cruceiro figurado realizado en granito. Posúe capitel moi moldurado baixo cruz achafranada con remates que apuntan un leve florenzado no que se fixan dúas imaxes de Cristo crucificado (de labra moi tosca) con tres cravos, mans pechadas, coroa de espiñas, pano de pureza anoado á dereita e INRI sobre a cartela no anverso. No reverso a Virxe en actitude orante cos dedos das mans entrelazados. Como elemento de soporte (quizais o elemento máis antigo do conxunto) un fuste octogonal que comeza cadrado; base cúbica con cornixa moldurada en forma de filete ou listel; baixo dela plataforma cuadrangular de dous graos.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	BO	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

Os elementos catalogados coas claves A_070 e E_004 comparten un único contorno de protección en razón do seu vínculo e a súa natureza.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**E-10**	**E_005**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cabaceiro na Agrela	**XAVIÑA**	**A Agrela**	**A Agrela nº 7**

COORDENADAS: 487985 , 4777312

DESCRICIÓN:

Singular hórreo ou cabaceiro de grande tamaño erixido sobre pés de cantería que aparece labrado integramente en pedra. Trátase dunha versión canónica do tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular (14 x 2,3 m) formada por fiadas de pedras horizontais regulares (opus quadratum), que lle conceden unha notable proxección horizontal. Entre a soleira e a cámara un total de nove (9) pares de pés de forma levemente cónica rematados en altura por tornarratos circulares.
O cabaceiro aparece decorado nos alzados penais con remates en forma de cruz latina sen figuración e pináculo de forma piramidal de recente factura.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	BO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: NÚCLEO RURAL EXPANSIÓN

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	FOXO DO LOBO	**A-3**	**E_006**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Foxo do Lobo de Reira	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Reira; Praia da Balsa**

COORDENADAS: 485164 , 4779030

DESCRICIÓN:

Foxo de lobo de converxencia localizado nunha suave pendente litoral, a escasos metros do mar, o que o converte nun exemplar único en Galicia. A súa situación determina que o sentido do acoso se fixese en sentido descendente, se ben unha parte da corrida se realizaba a cota, isto é, ao longo dunha chan.
A lonxitude total das sebes é de 168 metros (70 m no tramo N e 98 m no S), a anchura dos muros é 1 m, e a altura dos muros que se conserva de 0,5 m. A fondura actual do foxo acada na actualidade 1 m.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	REGULAR	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN ESPAZOS NATURAIS

OBSERVACIÓNS:

O foxo foi restaurado no ano 2000 pola Deputación da Coruña utilizando técnicas e materiais (cemento p.e.) pouco fieis co sistema de construción orixinal.
Este ben posúe interese arqueolóxico, polo que o organismo competente da Consellería de Cultura poderá establecer sobre el as cautelas arqueolóxicas que considere oportunas.
O elemento ao que se refire esta ficha conta cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	**L-2**	**E_007**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro do Campo Santo	**CAMELLE**	**Camelle**	**Campo Santo s/n**

COORDENADAS: 492656 , 4781274

DESCRICIÓN:

Cruceiro figurado de labra recente labrado en granito. Presenta capitel figurado con dous pares de facianas de querubíns con asas nos ángulos baixo unha cruz achafranada que presenta remates florenzados na que se sitúa a imaxe do Cristo crucificado con tres cravos, mans pechadas, coroa de espiñas, pano de pureza anoado á esquerda e INRI sobre a cartela no anverso. Como elemento de soporte un fuste achafranado que presenta un arrinque en aresta viva; base cúbica con dobre coroa troncopiramidal; baixo dela plataforma cuadrangular de dous graos.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 571/1963.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**F-6**	**E_008**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Conxunto de cabazos de Lamastredo	**XAVIÑA**	**Lamastredo**	**Lamastredo s/n**

COORDENADAS: 488191 , 4779050

DESCRICIÓN:

Un total de cinco (5) cabazos de dimensións medias que pertencen a unha tipoloxía singular na medida en que carecen de pés, apoiando a cámara directamente sobre o chan. Trátase dunha versión pouco canónica do tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular (6 x 2 m aprox) formada por fiadas de paralelepípedos irregulares de disposición horixontal que conforman un paramento da tipoloxía de opus vittatum.
Os cabaceiros carece de calquera tipo de decoración.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	REGULAR	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Este conxunto de elementos teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.
A parcela sobre a que se erguen os elementos que conforman esta ficha gozará de idéntica protección que aqueles.

ELEMENTOS A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**G-3**	**E_009**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Conxunto de cabazos de Brañas Verdes	**XAVIÑA**	**Brañas Verdes**	**Brañas Verdes s/n**

COORDENADAS: 488916 , 4780549

DESCRICIÓN:

Un total de tres (3) cabazos de dimensións medias que pertencen a dúas tipoloxías diferentes. Por unha parte existen exemplares que carecen de pés, apoiando a cámara directamente sobre o chan. Trátase dunha versión pouco canónica do tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular (6 x 2 m aprox) formada por fiadas de paralelepípedos irregulares de disposición horixontal que conforman un paramento da tipoloxía de opus vittatum.
Por outra parte constatamos a existencia dun exemplar con cámara elevada sobre cinco (5) pares de pés de sección troncocónica con tornarratos. A cámara deste, a diferencia do exemplar que carece de apoios, presenta unha plementería regular (opus quadratum) a base de pezas graníticas isódomas.
Ambas as dúas tipoloxías carecen de calquera tipo de decoración.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	REGULAR	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Este conxunto de elementos teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.
A parcela sobre a que se erguen os elementos que conforman esta ficha gozará de idéntica protección que aqueles.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO
CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	FONTES	**C-2**	**E_010**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Fonte en Arou	**CAMELLE**	**Arou**	**Rego de Arou**

COORDENADAS: 490707 , 4780544

DESCRICIÓN:

Fonte de recente factura labrada en granito que presenta un frontis troncopiramidal truncado labrado en opus quadratum. O centro do frontispicio acolle no seu centro un escudo do desaparecido "Patrimonio forestal del Estado", órgano estatal franquista que xestionou os montes comunais ata o recoñecemento da súa titularidade veciñal. Baixo o brasón dous canos que deitan a auga nunha pía semicircular levantada en tixolo enfoscado.
A fonte localízase no eixe dunha área de recreo situada á beira da estrada na que se levantou un longo asento perimetral en forma de U.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS E CAUCES

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER
ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	**B-13**	**E_011**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro da rúa Pinzón	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Rúa Pinzón; Rúa Cruz Cedeira**

COORDENADAS: 485387 , 4775903

DESCRICIÓN:

Cruceiro sen figuración que perdeu dúas terceiras partes do seu corpus orixinal, conservando unicamente a cruz sen figuración. Esta, que é o único elemento que debe ser obxecto de protección, pertence a unha tipoloxía latina recrucetada, isto é unha cruceta en altorrelevo na súa cara principal dunha sección menor que o soporte, fixando entre ambos unha transición por medio dunha moldura de mediacana. Destaca a peaña ricamente moldurada, así como os remates dos brazos, labrados en forma dunha aspa.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	REGULAR	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 571/1963.

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**A-13**	**E_012**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Conxunto de cabaceiros da rúa Calvario	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Rúa Calvario**

COORDENADAS: 485174 , 4775869

DESCRICIÓN:

Un total de seis (6) hórreos de mediano e grande tamaño erixidos sobre pés que aparecen labrados integramente en cantería (opus quadratum). Trátase de exemplares canónicos de tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular formada por fiadas de pedras horizontais regulares que lle conceden unha notable proxección horizontal. Entre a soleira e a cámara un total de 5 e 6 pares de pés de forma levemente cónica rematados en altura por tornarratos circulares.
Os cabaceiros, que se dispoñen á beira do rueiro ou no medio das eiras inmediatas ás casas, carecen de decoración nos alzados penais.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	REGULAR	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

Ambos elementos teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.
A parcela sobre a que se erguen os elementos que conforman esta ficha gozará de idéntica protección que aqueles.
Os elementos que se inclúen nesta ficha contan cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO
CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	**J-11**	**E_013**

F 01



PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruz da Carballa	**PONTE DO PORTO**	**Lexas**	**A Cruz da Carballa**

COORDENADAS: 491563 , 4776764

DESCRICIÓN:

Cruz baixa sen figuración de 1,5 m de altura labrada nun único bloque de granito que se localiza á beira dun antigo camiño forestal hoxe practicamente cegado polo mato. Presenta arestas achafranadas e un pequeno círculo en baixorrelevo na unión da cruceta.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	BO	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN: RUSTICO PROTECCIÓN FORESTAL

OBSERVACIÓNS:

A Cruz da Carballa define, xunto á Cruz de Mariola, hoxe desaparecida pero antano localizada máis ao S, unha liña imaxinaria que delimita o lindeiro municipal entre Camariñas e Vimianzo.
Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 571/1963.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	**F-11**	**E_014**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro e canizo de Tasaraño	**XAVIÑA**	**Tasaraño**	**Tasaraño**

COORDENADAS: 488146 , 4776697

DESCRICIÓN:

Cruceiro realizado en granito que se ergue nunha posición de encrucillada. Posúe cruz de sección cuadrangular de brazos con chafráns e cruz latina figurada no anverso (Cristo crucificado) e reverso (a Virxe); capitel cuadrangular modelado de orde dórica; fuste octogonal e pedestal cuadrangular recadrado; a base é cúbica e a plataforma de sección cuadrangular e tres graos.
Pola súa parte o hórreo, de mediano tamaño, eríxese sobre media ducia de pés pareados, aparecendo labrado integramente en cantería (opus quadratum). Trátase dun exemplar canónico de tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular formada por fiadas de pedras horizontais regulares que lle conceden unha notable proxección horizontal. A soleira, que salva o desnivel do terreo, serve de base a unha cámara sustentada por pés de forma levemente cónica rematados en altura por tornarratos circulares.
O cabaceiro, que se dispón á beira do rueiro, careceu en orixe de decoración nos alzados penais.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	BO	MIXTA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Ambos elementos teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación dos Decretos 571/1963 e 449/1973 respectivamente.
Os elementos que se inclúen nesta ficha contan cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	FONTES	**F-11**	**E_015**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Fonte e cabazo de Tasaraño	**XAVIÑA**	**Tasaraño**	**Tasaraño**

COORDENADAS: 488124 , 4776490

DESCRICIÓN:

Fonte de dobre cano realizada totalmente en cantería. Destaca o frontispicio rectangular onde resaltan nos seus dous extremos pilastras que enmarcan o motivo central. Presenta unha cornixa modelada e movida (oculta por hedras na actualidade) que coroa o conxunto, onde se asentan dous pináculos piramidais que flanquean unha cruz.
No que respecta ao hórreo, este levántase sobre unha soleira situada a rentes dun muro de contención que serve para salvar o desnivel no que se asenta o hórreo. Os muros costais e penais do hórreo érguense a base de pezas de cantería longas e estreitas organizadas en fieiras que dan forma á cámara; posúe cinco pares de pés troncocónicos que lle serven de asento. A cuberta é de dúas aguas, labrada en pedra do país, e carece de remates.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	REGULAR	MIXTA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN COSTAS

OBSERVACIÓNS:

O cabazo ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.
Os elementos que se inclúen nesta ficha contan cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	**L-3**	**E_016**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruz da Agra de Arriba	**CAMELLE**	**Camelle de Arriba**	**Rúa Principal**

COORDENADAS: 492591, 4780643

DESCRICIÓN:

Cruz baixa sen figuración situada sobre unha peaña que se presenta intercalado nun muro de bloques prefabricados asentado con cemento de 0,5 m de altura. O varal, de sección rectangular, conforma unha cruz latina con frente á estrada AC-1601.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	INTEGRAL	REGULAR	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Supresión do muro de bloques prefabricado e instalación dun cerramento acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**G-12**	**E_017**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Conxunto de cabazos en Dor	**PONTE DO PORTO**	**Dor**	**Dor**

COORDENADAS: 488893 , 4776242

DESCRICIÓN:

Un total de catro (4) hórreos de pequeno e mediano tamaño erixidos sobre pés que aparecen labrados integramente en cantería (opus vittatum). Trátase de exemplares canónicos de tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular formada por fiadas de pedras horizontais regulares que lle conceden unha notable proxección horizontal. Entre a soleira e a cámara un total de 5 e 6 pares de pés de forma levemente cónica rematados en altura por tornarratos circulares.
Os cabaceiros, que se dispoñen á beira do rueiro ou no medio das eiras inmediatas ás casas, carecen de decoración, como é habitual, nos alzados penais.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	REGULAR	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:
Ambos elementos teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.

ELEMENTOS A PROTEXER
TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**F-10**	**E_018**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cabazo en A Costa 1	**XAVIÑA**	**A Costa**	**A Costa**

COORDENADAS: 488251 , 4777174

DESCRICIÓN:

Singular hórreo ou cabaceiro de grande tamaño erixido sobre pés de cantería que aparece labrado integramente en pedra. Trátase dunha versión canónica do tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular (12 x 2,5 m) formada por fiadas de pedras horizontais regulares (opus quadratum), que lle conceden unha notable proxección horizontal. Entre a soleira e a cámara un total de oito (8) pares de pés de forma levemente cónica rematados en altura por tornarratos circulares.
O cabaceiro, como é norma nos demais exemplares da comarca, carece de elementos decorativos nas súas fachadas, coa excepción das sobrepenas que coroan os frontóns triangulares penais.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	BO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**F-10**	**E_019**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cabazo en A Costa 2	**XAVIÑA**	**A Costa**	**A Costa**

COORDENADAS: 488308 , 4777322

DESCRICIÓN:

Singular hórreo ou cabaceiro de grande tamaño erixido sobre pés de cantería que aparece labrado integramente en pedra. Trátase dunha versión canónica do tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular (11 x 2 m) formada por fiadas de pedras horizontais regulares (opus quadratum), que lle conceden unha notable proxección horizontal. Entre a soleira e a cámara un total de nove (9) pares de pés de forma levemente cónica rematados en altura por tornarratos circulares.
O cabaceiro, a diferenza dos demais exemplares da comarca, amosa pequenas cruces latinas coroando as sobrepenas que cubren os frontóns triangulares penais.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	BO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**E-10**	**E_020**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cabazo en Xaviña	**XAVIÑA**	**Xaviña**	**Xaviña**

COORDENADAS: 487581 , 4777372

DESCRICIÓN:

Singular hórreo ou cabaceiro de mediano tamaño -destacado pola súa localización no medio do rueiro- erixido sobre pés de cantería que aparece labrado integramente en pedra. Trátase dunha versión canónica do tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular (7,3 x 2 m) formada por fiadas de pedras horizontais regulares (opus vittatum), que lle conceden unha notable proxección horizontal. Entre a soleira e a cámara un total de seis (6) pares de pés de forma levemente cónica rematados en altura por tornarratos circulares.
O cabaceiro, como é norma nos demais exemplares da comarca, carece de elementos decorativos nas súas fachadas, coa excepción das sobrepenas que coroan os frontóns triangulares penais.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	ESTRUTURAL	MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Restauración integral utilizando materiais orixinais nobres.
Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	**D-9**	**E_021**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro de Xaviña	**XAVIÑA**	**O Cruceiro**	**O Cruceiro**

COORDENADAS: 487195 , 4777514

DESCRICIÓN:

Cruceiro sen figuración situado nunha encrucillada que pertence a unha tipoloxía latina recrucetada, isto é unha cruz de dobre suco en baixorrelevo na súa cara principal. Destaca o capitel con molduras de filete ou listel (no eixe central e superior) sobre unha de bocel ou toro, así como os remates dos brazos, que apuntan un leve florenzado. Baixo o capitel fuste cuadrangular achafranado con arrinque rectangular de maior volume recadrado que se chanta nun pequeno pedestal de sección cuadrangular; por baixo del tres graos ou chanzos.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	REGULAR	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 571/1963.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**A-10**	**E_022**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Conxunto de cabazos do Cotariño	**CAMARIÑAS**	**O Cotariño**	**O Cotariño**

COORDENADAS: 484949 , 4777213

DESCRICIÓN:

Un total de dous (2) hórreos de pequeno e mediano tamaño erixidos sobre pés que aparecen labrados integramente en cantería (opus vittatum). Trátase de exemplares canónicos de tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular formada por fiadas de pedras horizontais regulares que lle conceden unha notable proxección horizontal. Entre a soleira e a cámara un total de 5 pares de pés de forma levemente cónica rematados en altura por tornarratos circulares.
Os cabaceiros, que se dispoñen á beira do rueiro ou no medio das eiras inmediatas ás casas, como é habitual, carecen de decoración nos alzados penais.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Ambos elementos teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.
A parcela sobre a que se erguen os elementos que conforman esta ficha gozará de idéntica protección que aqueles.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Restauración integral utilizando materiais orixinais nobres.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CRUCEIROS	**E-12**	**E_023**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Cruceiro de A Paxariña	**XAVIÑA**	**A Paxariña**	**A Paxariña**

COORDENADAS: 488026 , 4776031

DESCRICIÓN:

Cruceiro sen figuración situado nunha encrucillada que pertence a unha tipoloxía latina de arestas achafranadas. Destaca o capitel con molduras de gola ou cimeira recta (no eixe superior) sobre unha de bocel ou toro, así como os remates dos brazos, que apuntan un lixeiro florenzado. Baixo a cruz fuste cuadrangular achafranado que se chanta nun pequeno pedestal de sección troncopiramidal; por baixo del un único grao ou chanzo.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	BO	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN COSTAS

OBSERVACIÓNS:

Este elemento ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 571/1963.
Os elementos catalogados coas claves A_182 e E_023 comparten un único contorno de protección en razón do seu vínculo e a súa natureza.
O elemento ao que se refire esta ficha conta cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	HÓRREOS	**I-5**	**E_024**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Conxunto de cabazos de Lazo	**CAMELLE**	**Lazo**	**Lazo**

COORDENADAS: 490427 , 4779792

DESCRICIÓN:

Un total de catro (4) hórreos de pequeno e mediano tamaño erixidos sobre pés que aparecen labrados integramente en cantería (opus vittatum). Trátase de exemplares canónicos de tipo Fisterra, característico por presentar cámara rectangular formada por fiadas de pedras horizontais regulares que lle conceden unha notable proxección horizontal. Entre a soleira e a cámara un total de cinco (5) pares de pés de forma levemente cónica rematados en altura por tornarratos circulares.
Os cabaceiros, que se dispoñen á beira do rueiro (dous deles conforman un ángulo recto) ou no medio das eiras inmediatas ás casas, como é habitual, carecen de decoración nos alzados penais.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	GALEGO	INTEGRAL	REGULAR	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Ambos elementos teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) en aplicación do Decreto 449/1973.
A parcela sobre a que se erguen os elementos que conforman esta ficha gozará de idéntica protección que aqueles.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	CIVIL	**G-8**	**E_025**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Arquitectura adxectiva en Brea	**XAVIÑA**	**Brea**	**Brea**

COORDENADAS: 489054 , 4778337

DESCRICIÓN:

Conxunto integrado por unha serie de construcions adxectivas -un alpendre, sete cabaceiros e unha eira- de grande valor patrimonial, tanto desde o punto de vista tipolóxico como material.

O alpendre conta con dúas lacenas para as avellas, que se presentan embutidas na planta superior do muro penal. Estas pezas, de singular valor etnográfico, constan dun pousadoiro no que se apoia unha peza de cantería na que se practican dous ou tres furados polos que as avellas se introducían para chegar aos cortizos, gorecidos no interior da construción.

Pola súa parte os sete (7) cabaceiros documentados no lugar dótano dunha elevada calidade ambiental, especialmente un de sete pares de pés -labrado integramente en granito (opus quadratum) e decorado con inusuais pinchos e cruces latinas florenzadas nos alzados penais- que, ao parecer, foi trasladado desde o Pazo de Dor (actualmente no núcleo da Paxariña).

A única eira documentada, de 8 m de diámetro e forma seudocircular, está asociada a outra construción adxectiva de pequenas dimensións.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	BO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

A parcela sobre a que se erguen os elementos que conforman esta ficha gozará de idéntica protección que aqueles.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

COLMEARES

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	MUÍÑOS	**I-11**	**E_026**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño do Outeiro e pasal	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**Rúa Sixto s/n; O Outeiro**

COORDENADAS: 490666 , 4776473

DESCRICIÓN:

Muíño de rego ou canle de grandes dimensións que se sitúa á beira do Rego de Lazo, dentro do núcleo tradicional de O Outeiro, integrado xa na trama urbana de Ponte do Porto. Este exemplar, en mal estado de conservación e pendente ser restaurado e acondicionado integramente como espazo educativo e de lecer, é propiedade dun grupo de veciños do mesmo lugar.

Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará sair á auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
NÚCLEO RURAL EXPANSIÓN

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER
TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	MUÍÑOS	**J-11**	**E_049**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño de Sabino	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**Río Grande**

COORDENADAS: 491403 , 4776728

DESCRICIÓN:

Muíño de tres moas situado á beira do Río Grande. Presenta planta rectangular de grande desenvolvemento lonxitudinal e cuberta (de fibrocemento pintado) a dúas augas. Construído en cachotería concertada, unicamente os ángulos da edificación contan con perpiaños mellor dimensionados co obxecto de reforzar estruturalmente a edificación.

Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conduce a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixe vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m/2 de superficie, cuberto por un tellado a dúas augas constituído por paredes de cantería irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca da Costa da Morte pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.

Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará saír a auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	BO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS E CAUCES

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER: TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	MUÍÑOS	**J-12**	**E_050**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño da Pesqueira	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**Río Grande; A Pesqueira**

COORDENADAS: 491333 , 4776382

DESCRICIÓN:

Muíño de tres moas situado á beira do Río Grande. Presenta planta rectangular de grande desenvolvemento lonxitudinal e cuberta a dúas augas (hoxe derruída). Construído en cachotería concertada, unicamente os ángulos da edificación contan con perpiaños mellor dimensionados co obxecto de reforzar estruturalmente a edificación.

Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conduce a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixe vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m/2 de superficie, cuberto por un tellado a dúas augas constituído por paredes de cantería irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca da Costa da Morte pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.

Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará saír a auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	MOI MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS E CAUCES

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER: TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS: Rehabilitación integral do edificio respectando a tipoloxía e volume orixinais.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	MUÍÑOS	J-12	E_051

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño da Cota	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**Río Grande; Campo de San Roque**

COORDENADAS: 491301 , 4776277

DESCRICIÓN:

Muíño de tres moas situado á beira do Río Grande que se presenta dividido verticalmente en dous espazos que se corresponden con outros tantos propietarios. Presenta planta rectangular de grande desenvolvemento lonxitudinal e cuberta a dúas augas. Construído en cachotería concertada, unicamente os ángulos da edificación contan con perpiaños mellor dimensionados co obxecto de reforzar estruturalmente a edificación.

Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conduce a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixe vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m/2 de superficie, cuberto por un tellado a dúas augas constituído por paredes de cantería irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca da Costa da Morte pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.

Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará saír a auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	REGULAR	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS E CAUCES

OBSERVACIÓNS:

Sobre a lumieira dunha das portas aparecen gravados tres cruciformes e dúas iniciais de grande valor patrimonial.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Rehabilitación integral do edificio respectando a tipoloxía e volume orixinais.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ARQUITECTURA	MUÍÑOS	**J-12**	**E_052**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Muíño de Abaixo	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**As Barrosas; Río Grande**

COORDENADAS: 491174 , 4776076

DESCRICIÓN:

Muíño de catro moas situado á beira do Río Grande. Presenta planta rectangular de grande desenvolvemento lonxitudinal e cuberta (hoxe desaparecida) a dúas augas. Construído en cachotería concertada, unicamente os ángulos da edificación contan con perpiaños mellor dimensionados co obxecto de reforzar estruturalmente a edificación.

Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga. Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; a canle, que conduce a auga cara o rodicio, unha roda hidráulica con paletas curvas e eixe vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 8 m/2 de superficie, cuberto por un tellado a dúas augas constituído por paredes de cantería irregular nos que unicamente se practican dous vanos, o que permite o acceso e o que está destinado a introducir luz natural no interior do muíño. A meirande parte dos muíños da comarca da Costa da Morte pertencen á modalidade de canle, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, condúcese rapidamente cara o rodicio a través da canle para bater contra o primeiro de maneira tanxencial.

Na parte inferior da canle áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará saír a auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	MOI MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS E CAUCES

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Rehabilitación integral do edificio respectando a tipoloxía e volume orixinais.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	**I-12**	**I_001**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ponte do Porto	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**Río Grande**

COORDENADAS: 490755, 4776351

DESCRICIÓN:

Ponte de catro (4) vans, 50 m de lonxitude e uns 5 m de anchura orixinal que salva o Río Grande á altura do núcleo de Ponte do Porto. Esta infraestrutura, de rasante practicamente chan, aparece conformada por dous pares de arcos (dous de medio punto na beira que dá ao Campo de San Roque, pero os outros dous apuntados) que se levantan en perpiaño granítico que combina opus quadratum con opus vittatum, en función do tramo do que se trate. Nos alzados situados augas abaixo e augas arriba construíronuse tres curiosos tallamares de sección semicircular que axudan a soportar as presións que recibe esta infraestrutura. Os lenzos murais secundarios aparecen levantados en opus vittatum.
Ignoramos se orixinalmente incluíu nos seus beirís un peitoril destinado a protexer o paso de persoas e vehículos, cuestión que hoxe non podemos comprobar a causa das obras de ampliación do tableiro que se levaron a cabo hai xa varios anos.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	BO	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

A orixe da ponte é unha construción do S.XIII, en plena Idade Media, cando a vila era o porto da zona principalmente os días de temporal, momento no que era utilizado como refuxio. A ponte sufriu varias reformas, tal e como evidencia a lectura dos seus paramentos e incluso a documentación que se conserva do S.XVI. Ata o ano 1950 conservou a súa forma orixinal, constando de 3 metros de anchura e uns peitoriles graníticos que tiñan a forma dos tallamares que había en cada un dos tres piares. Na primeira reforma os peitoriles foron eliminados coa intención de ampliar o espazo de circulación.
O elemento ao que se refire esta ficha conta cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	**I-11**	**I_002**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ponte sobre o río Cuncheiro	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**Río Cuncheiro**

COORDENADAS: 490739, 4776464

DESCRICIÓN:

Ponte dun único van que salva o Río Cuncheiro á altura do núcleo de Ponte do Porto. Esta infraestrutura aparece conformada por un arco de medio punto levantado con perpiaño granítico perfectamente labrado e escuadrado (opus quadratum). No alzado situado augas arriba construiuse un curioso contraforte inclinado que axuda a soportar as presións que recibe esta infraestrutura. Os lenzos murais secundarios aparecen levantados en opus vittatum.
Ignoramos se orixinalmente incluíu nos seus beirís un peitoril destinado a protexer o paso de persoas e vehículos, cuestión que hoxe non podemos comprobar a causa das obras de ampliación do tableiro que se levaron a cabo hai xa varios anos.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	REGULAR	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN: URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER: TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PONTES	**E-11**	**I_003**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Ponte de Mouzo	**XAVIÑA**	**A Piosa**	**Rego de Lamastredo**

COORDENADAS: 487984, 4776440

DESCRICIÓN:

Ponte dun único van que salva o Rego de Lamastredo á altura da parroquia de Xaviña. Esta infraestrutura aparece conformada por un arco de medio punto rebaixado levantado con perpiaño granítico perfectamente labrado e escuadrado (opus quadratum). Para protexer o paso de persoas e vehículos inclúe nos seus beirís un peitoril ou muro continuo de cantería destinado a evitar as caídas.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	REGULAR	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN COSTAS

OBSERVACIÓNS:

O elemento ao que se refire esta ficha conta cun contorno de protección individualizado grafitado na cartografía do PXOM.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PASAIS-PONTELLAS	**B-11**	**I_004**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Pasal do río de Mourín	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Río de Mourín**

COORDENADAS: 485406 , 4776779

DESCRICIÓN:

Pasal conformado por un conxunto de pedras alongadas en forma de paralelepípedo que se colocan sobre unha corrente de auga para poder atravesala sen mollarse.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	AMBIENTAL	BO	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN AUGAS E CAUCES

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
INFRAESTRUTURAS	PEIRAO	A-14	I_005

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Dársena de Camariñas	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Peirao de Camariñas; Rúa Alcalde No**

COORDENADAS: 485153 , 4775244

DESCRICIÓN:

A dársena de Camariñas, foi construída no século XVIII con perpiaño perfectamente labrado e escuadrado (opus quadratum), o que a converte en coetánea do desmantelado Castelo do Soberano, circunstancia que faría dela a infraestrutura portuaria máis antiga da Costa da Morte, desde Malpica a Muros.
Esta dársena aparece un plano de situación do peirao da vila de Camariñas de 1791 realizado polo cartógrafo Méndez por encargo de El Rey onde xa se ve a dársena de Camariñas tal e como hoxe se coñece. Así as cousas as pedras do vello castelo da vila e das torres de Carantoña non se terían empregado na dársena, tal e como se viña afirmado tradicionalmente, senón que foron usadas no século XX para as obras doutro peirao, o do Curbeiro.
O espigón S mide 98 m de lonxitude e 5 m de anchura, mentres que o espigón N acada os 44 m de longo.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	BO	PÚBLICA

ORDENANZA DE APLICACIÓN: SISTEMA XERAL PORTUARIO

OBSERVACIÓNS:

O Concello de Camariñas rescatou os vellos canóns do desaparecido Castelo do Soberano que gardaba a ría e que ata hai pouco facían de bitas de amarre de cabos na dársena. Un total de cinco (5) canóns foron trasladados a dependencias municipais á espera de seren acomodados en cureñas e expostos novamente ao público nun espazo digno e nobre.

ELEMENTOS A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

ESCALEIRAS

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CAMARIÑAS

CATÁLOGO DE PATRIMONIO CULTURAL

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ETNOGRAFÍA	PEIRAO	**B-12**	**I_006**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Antigo peirao de Cerdeira	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Area da Vila**

COORDENADAS: 485649 , 4776057

DESCRICIÓN:

Antigo peirao da fábrica dos Cerdeira, nome da familia que puxo en marcha a finais do século XIX (1884 concretamente), primeiro, unha fábrica de salga, e logo unha industria conserveira -Cerdeimar SL- que se felizmente se mantén en activo na actualidade. O espigón, que se desprega en sentido E-W, hoxe preséntase semiderruído, mide 43 m de lonxitude e 6 m de anchura, e está construído con cachotería concertada (opus incertum).

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	ESTRUTURAL	MOI MALO	MUNICIPAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN COSTAS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
ESPAZOS	PINTURAS MURAIS	**D-1**	**S_001**

F 01

PLANO

DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Pinturas do alemán	**CAMELLE**	**Camelle**	**Camelle**

COORDENADAS: 492925 , 4781966

DESCRICIÓN:

Trátase dun conxunto de pinturas murais que Manfred Gnädinger -o alemán de Camelle- pintou nas medianeiras das vivendas e no malecón da vila de Camelle. Trátase, maiormente, de círculos polícromos de dous tamaños: os pequenos posúen uns 50 cm. de radio, mentres que os grandes presentan uns 2 m. de diámetro.
Estes círculos, presentan unha fasquía bidimensional, e foron pintados con cores vivas: azul, branco, amarelo, ocre, vermello, etc... Estas figuras xeométricas aparecen representadas en conxuntos, case nunca illadas, adaptándose á materialidade do seu soporte seguindo un canon estético que substantiva a súa forma e cor. Deste xeito os círculos aparecen frecuentemente incompletos, deixando ver unicamente unha parte da súa forma.
Este tipo de intervencións encádrase dentro dun estilo artístico internacionalmente coñecido como Land Art, unha corrente artística xurdida a finais dos anos sesenta do século XX que ten como fin trasladar o traballo artístico aos espazos naturais que son transformados polo pensamento e a acción do artista. O Land Art atópase dentro desas correntes que en relación coa desmaterialización do obxecto negan o papel preponderante dos museos e galerías de arte e que desvían a práctica da arte a lugares inéditos para ela. Este movemento aposta pola utilización do propio espazo natural como soporte da obra, procurando a transformación da paisaxe.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	INTEGRAL	MALO	MIXTA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
SISTEMA XERAL PORTUARIO

OBSERVACIÓNS:

Felipe Senén escribiu un artigo sobre o alemán de Camelle no que fai referencia ás súas pinturas murais: "Man complementaba as desfeitas do feismo reinante cunha particular cosmogonía de pinturas de circos en positivo e negativo, brancos,negros, roxos... sobre os muros do dique, sobre as medianeiras das casas...e como un druida, sen saial nen caido, en taparrapos, enfrentouse polo baixo contra canto ilegalmente amenazaba a beiramar."
Os elementos catalogados coas claves A_116 e S_001 comparten un único contorno de protección en razón do seu vínculo e a súa natureza.

ELEMENTOS A PROTEXER

ENFOSCADOS COLOREADOS

MELLORAS NECESARIAS:

- Elaboración dun Catálogo das pinturas murais realizadas por Man que conteña, como mínimo os datos seguintes: localización a escala 1:500, estado de conservación, fotografía actual, descrición da composición, técnica pictórica e cromatismo utilizado.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Alteración dos elementos protexidos	Restauración para voltar a súa imaxe orixinal

LISTADO POR XACEMENTO

CodigoXacemento:	FICHA	NºPLANO:	TIPO	DENOMINACIÓN	PARROQUIA:	LUGAR:
GA15016001	X_001	A-4 / B-4	CASTRO	Castro de Mourín	CAMARIÑAS	Mourín
GA15016002	X_002	A-3	MÁMOA	Mámoa do Foxo	CAMARIÑAS	Camariñas
GA15016003	X_003	D-4	MÁMOA	Mámoa da Cruz da Carballa 1	PONTE DO PORTO	Lexas
GA15016004	X_004	D-4	MÁMOA	Mámoa da Cruz da Carballa 2	PONTE DO PORTO	Lexas
GA15016005	X_005	D-4	CASTRO	Punta do Castro	CAMARIÑAS	Camariñas
GA15016006	X_006	A-5	MILITAR	Batería do Soberano / O Castelo	CAMARIÑAS	Camariñas
GA15016007	X_007	C-2	RELIXIOSA	Xacemento de Sta Mariña	XAVIÑA	Santa Mariña
GA15016REF-1	X_008	C-1	MILITAR	A Gurita / A Garita	XAVIÑA	Brañas Verdes
GA15016REF-2	X_009	D-2	MÁMOA	Casas Vellas	CAMELLE	Lazo
GA15092022	X_022	D-4	CASTRO	Castro Coroado ou Croado	PONTE DO PORTO	Ponte do Porto

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTRO	**A-4 / B-4**	**X_001**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Castro de Mourín	**CAMARIÑAS**	**Mourín**	**Mourín O Cotariño**

ADSCRICION:	COORDENADAS:	CODIGO XACEMENTO:
Idade do Ferro	485198, 4776997	**GA15016001**

DESCRICIÓN:

Xacemento pouco alterado situado a 63,5 m. de altitude no contorno dun monte de repoboación a base de eucalipto e, fundamentalmente piñeiro. O castro sitúase nun pequeno coto protexido pola zona E e SE por un terraplén natural de considerábeis dimensións. O xacemento ten unha clara forma circular, formado por unha croa de 50 m. en dirección N-S e 55 m. en dirección E-W. A croa ten unha inclinación natural cara o N. Está protexida en todo o seu perímetro por un parapeto de considerábeis dimensións que sobrepasa en moitos lugares a súa altura media de 3 m. sobre todo pola zona S, por acharse as terras circundantes practicamente á mesma altura que a croa. As súas defensas naturais atópanse polo lado E, onde se localiza unha aba dunha pendente considerábel que cae directamente cara o Rego de Mourín.
Rodeando este primeiro recinto existe unha plataforma duns 25 m. de anchura que está defendida por un parapeto mal conservado de 1m. de altura que se extende de NE a S e de aquí ao NW para situarse na parte máis sobresaliente do sector setentrional no punto de arranque dos terrapléns do coto.
Polo W existiu unha segunda plataforma defensiva, practicamente arrasada, polo que é moi difícil de apreciar en todo o perímetro debido aos labores agrícolas.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	II-I; II-2	REGULAR	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:
RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:
Nas proximidades do lugar de O Cotariño, no contexto da prospección realizada no verán de 2006, foi atopado un fragmento de Catillus ou Moa dun muíño de man que foi depositado no Museo Arqueolóxico da Coruña.

ELEMENTOS A PROTEXER
TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Plantación de arborado sobre o xacemento	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MÁMOA	A-3	X_002

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Mámoa do Foxo	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Praia da Balsa**

ADSCRICION:	COORDENADAS:	CODIGO XACEMENTO:
Neolítico	485074, 4778980	**GA15016002**

DESCRICIÓN:

Túmulo sen cámara situado na zona terminal da ladeira NW do Monte Foxo, a 80 m. de liña de costa, coincidindo cun estreitamento da rasa litoral. Emprazado nun contorno de monte baixo, a 20 msnm, o túmulo aparece violado, o que non obsta para xulgar o seu bo estado de conservación. A acción do vento (moi intenso nesa zona) e os arrastres procedentes da ladeira parecen ter alterado a súa forma orixinal.

As dimensións do seus eixos son: N-S e E-W 10 m. A pesar de que o tamaño dos seus eixos é coincidente, o túmulo presenta unha forma bastante irregular que acentúa un eixe NE-SW. Esta pode ter sido causada tanto polo desprazamento de terra realizado pola violación, como pola acción do vento a través de procesos de erosión e sedimentación. A súa menor altura cara o SE parece debida ao depósito de sedimentos de arrastre, que é facilitado polo emprazamento concreto do túmulo nunha zona lixeiramente deprimida.

A violación ten 1 m. de diámetro e 40 cm. de profundidade. Na zona superior do túmulo, arredor da violación, obsérvanse gran cantidade de fragmentos de seixo moi miúdos. No seu cuadrante S aparecen algunhas pedras de granito de mediano tamaño que posiblemente pertencen á estrutura do túmulo.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	II-I; II-2	REGULAR	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

O túmulo sitúase en liña ao primeiro cabo que delimita esta praia, a 40 m. á dereita da pista e a uns 50 m do foxo do lobo próximo nun contorno de monte baixo a base de toxo, carqueixa, melga, carrasco macho e femia.

Cabe a posibilidade de que este elemento, na vez de ter unha filiación funeraria prehistórica, estea emparentado coas primitivas trampas para lobos, semellantes ás documentadas por Vega Pato en 1996 no concello ourensán de Manzaneda, cuestión esta que a investigación non abordou de forma sistemática ata o momento.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

O círculo que fixa na cartografía e na ficha de Catálogo a súa localización exacta, debe interpretarse como un círculo regular de 25 m. de diámetro (art. 4 da Ordenanza de Protección do Patrimonio Arqueolóxico).

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Plantación de arborado sobre o xacemento	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MÁMOA	**D-4**	**X_003**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Mámoa da Cruz da Carballa 1	**PONTE DO PORTO**	**Lexas**	**As Lexas**

ADSCRICION:	COORDENADAS:	CODIGO XACEMENTO:
Neolítico	491579, 4776713	**GA15016003**

DESCRICIÓN:

Túmulo sen cámara situado a 85 msnm. que se emprazan no tramo medio dunha dorsal que, seguindo o eixo N-S, accede directamente ao río Grande. O túmulo emprázase nun contorno de monte baixo a base de abondoso toxo e fieito de grande altura, onde tamén existen piñeiros e eucaliptos. As maiores alteracións do túmulo veñen dadas polos camiños que se construíron para atravesar o outeiro, así como pola plantación de árbores.

O túmulo atópase bastante alterado, xa que dous camiños bastante encaixonados o cortan nas súas marxes setentrional e meridional. Esta alteración proporciona ao túmulo unha forma algo alongada sobre o eixe E-W, o que dificulta a súa identificación. A plantación e sucesivas cortas de piñeiro teñen desfigurado tamén a superficie tumular, causándolle varios buratos que poñen ao descuberto os restos dunha coiraza de granito bastante lixeira. Presenta unha pequena violación no seu centro, de aproximadamente 1 m. de diámetro. Non se atoparon restos de cámara megalítica. As dimensións dos seus eixes son N-S: 12 m. e E-W: 13 m. As alteracións sufridas polo túmulo dificultan a determinación da súa altura.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	II-I; II-2	MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Desde Camariñas cóllese a estrada con dirección a Ponte do Porto. Desde aquí séguese esta mesma estrada en dirección a Vimianzo. Ao pasar o km 9 e coincidindo cun cartel que marca o límite do concello de Camariñas, chégase ao lugar de Lexas. Tómase o primeiro desvío á esquerda, situado xusto despois da curva, un camiño de terra de acceso a dúas casas de construción contemporánea. Desde aquí xurde un camiño de carro en dirección NW que debemos continuar uns 100 m. ata que vira en dirección W (xusto á altura dunha curva) para atravesar un pequeno lombeiro sobre o que se localiza o túmulo, xusto á man esquerda da verea.

ELEMENTOS A PROTEXER

CRUCEIROS

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

O círculo que fixa na cartografía e na ficha de Catálogo a súa localización exacta, debe interpretarse como un círculo regular de 25 m. de diámetro (art. 4 da Ordenanza de Protección do Patrimonio Arqueolóxico).

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Plantación de arborado sobre o xacemento	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MÁMOA	**D-4**	**X_004**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Mámoa da Cruz da Carballa 2	**PONTE DO PORTO**	**Lexas**	**As Lexas**

ADSCRICION:	COORDENADAS:	CODIGO XACEMENTO:
Neolítico	491574, 4776742	**GA15016004**

DESCRICIÓN:

Túmulo sen cámara que se sitúa a 3 m. ao NE da mámoa identificada coa clave GA15016003. As dimensións dos seus eixos son N-S: 8 m. e E-W: 9,5 m. Atópase afectado na súa marxe meridional por un camiño encaixonado e por un muriño de pedra que se asenta sobre o perfil deste. Varios piñeiros adultos e novos se asentan sobre a súa masa tumular na que ademais, se aprecian algúns buratos. Aparentemente a mámoa parece non ter sido violada. Non existen evidencias de cámara megalítica, anque si dunha coiraza granítica moi lixeira.
O único signo que facilita a súa localización é unha pequena cruz de pedra (que define os límites municipais de Camariñas e Vimianzo), situada na parte alta do túmulo, que dá nome ao lombeiro onde se sitúa esta mámoa concreta: A Cruz da Carballa.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	II-I; II-2	MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Desde Camariñas cóllese a estrada con dirección a Ponte do Porto. Desde aquí séguese esta mesma estrada en dirección a Vimianzo. Ao pasar o km 9 e coincidindo cun cartel que marca o límite do concello de Camariñas, chégase ao lugar de Lexas. Tómase o primeiro desvío á esquerda, situado xusto despois da curva, un camiño de terra de acceso a dúas casas de construcción contemporánea. Desde aquí xurde un camiño de carro en dirección NW que debemos continuar uns 100 m. ata que vira en dirección W (xusto á altura dunha curva) para atravesar un pequeno lombeiro sobre o que se localiza o túmulo, xusto á man dereita da verea.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

CRUCEIROS

MELLORAS NECESARIAS:

O círculo que fixa na cartografía e na ficha de Catálogo a súa localización exacta, debe interpretarse como un círculo regular de 25 m. de diámetro (art. 4 da Ordenanza de Protección do Patrimonio Arqueolóxico).

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Plantación de arborado sobre o xacemento	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTRO	**D-4**	**X_005**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Punta do Castro	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Praia de Area da Vila**

ADSCRICION:	COORDENADAS:	CODIGO XACEMENTO:
Idade do Ferro	485900, 4776300	**GA15016005**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado na costa marítima a 10 msnm, nun contorno urbanizado, foi case totalmente destruído pola construción de vivendas unifamiliares na súa cimeira. Non se aprecian restos visíbeis das súas estruturas residenciais e/ou defensivas de carácter atrópico, toda vez que para construír a urbanización fíxose un movemento de terra bastante considerábel que destruíu case que totalmente o asentamento castrexo.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	III	MOI MALO	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN COSTAS

OBSERVACIÓNS:

Para acceder ao xacemento tómase a estrada que desde Camariñas nos conduce a Ponte do Porto. Ao chegar á altura da praia coñecida co nome de Area da Vila cóllese a primeira desviación á dereita que nos leva directamente ao lugar.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MILITAR	**A-5**	**X_006**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Batería do Soberano / O Castelo	**CAMARIÑAS**	**Camariñas**	**Punta do Castelo**

ADSCRICION:	COORDENADAS:	CODIGO XACEMENTO:
Idade Moderna	485066, 4774796	**GA15016006**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado a 21 msnm, nun contorno de monte baixo a base de fentos, xestas e, fundamentalmente toxos adultos.
Os principais factores de destrución do xacemento foron antrópicos, derivados do desmontado da cantería de maior calidade para construír (despois do Golpe Militar de 1936) o peirao do porto de Camariñas. No lado N do xacemento construiuse unha pista para o paso de vehículos que danou seriamente ese sector da fortaleza.
Segundo Soraluce Blond a construción desta fortaleza enmárcase no plan de fortificación da costa galega levada a cabo a finais do S. XVI, "provocado pola intensidade nas incursións inimigas nas nosas terras. Deste xeito, desenvolveuse un plan defensivo levado a cabo por enxeñeiros militares, que proxectaron diversas baterías seguindo unha tipoloxía semellante. No ano 1740 xa se construíra a de Corcubión, a denominada do Cardeal, a do Príncipe en Cee, e a de San Carlos en Fisterra.
A batería do Soberano constaba constaba, na fronte que dá á terra, dun recinto amurallado cun baluarte no medio do lenzo, polo que se realizaba a entrada desde un lateral, e dous medios baluartes nos extremos, deixando un foso no medio. Cara o mar, o recinto cúrvase para albergar dezasete troneiras con cadanseus canóns. Entre ambos, dous corpos que servían de polveira, almacén e acuartelamento."

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
BIC - DECLARADO	ESTATAL	I-1; I-2	REGULAR	PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Este elemento foi declarado BIC en aplicación do Decreto do 22 de abril de 1949 sobre os castelos españois, estando sometido ao establecido para os Bens de Interese Cultural (BIC) na Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Plantación de arborado sobre o xacemento	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	RELIXIOSA	**C-2**	**X_007**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Xacemento de Sta Mariña	**XAVIÑA**	**Santa Mariña**	**Sta Mariña**

ADSCRICION:	COORDENADAS:	CODIGO XACEMENTO:
Medieval	489774; 4781352	**GA15016007**

DESCRICIÓN:

Onde hoxe está a pequena capela e o campo da festa os eremitas benedictinos fundaron o mosteiro de Santa Mariña de Tosto que, ao parecer, foi obxecto da rapacidade de colindantes e os normandos que se infiltraban pola costa, non quedando na actualidade vestixio ningún. O único elemento crono-estilístico que pode verificar a existencia dun cenobio medieval neste lugar é a capela románica que aínda se levanta neste apartado lugar da Costa da Morte.
Aínda que non hai documentos sobre a súa fundación, hai quen atribúe a construción do Mosteiro de Sta María de Ozón (Muxía) aos Pais Bieitos de Santa María de Tosto, do lugar de Santa Mariña, que tras as dificultades que tiveran para vivir naquel lugar, debido aos continuos saqueos que sufriran, decidiron trasladarse a Ozón onde terían edificado o novo mosteiro. Seguindo a Yepes, o mosteiro de Sta Mariña de Tosto tería sido reedificado por Antealtares en 1165, aínda que Fernández de Viana sostén que posiblemente a verdadeira sexa 1170 "ou incluso posterior" pois o 30 de xullo de 1194 o abade de Antealtares Fernando o redota coas terras que van desde San Simón de Nande (Laxe), San Martiño de Carantoña (Vimianzo) e San Pedro de Leis (Muxía) até o mar, dándolle para o sustento as rendas do coto de Moraime. Malia todo debería seguir suxeito a San Paio, debéndolle pagar ao ano dez soldos. O mosteiro despobouse máis unha vez en data que descoñecemos, pasando as súas rendas a San Martiño Pinario.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	III	MALO	MIXTA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Partindo da vila de Camariñas debemos tomar a estrada AC-432, destino Xaviña. Unha vez alí tomaremos un desvío a man esquerda á altura do lugar de O Cruceiro. Unha vez alí colleremos a estrada local que nos conduce directamente á aldea de Brañas Verdes. Pasando este núcleo continuaremos ata o cemiterio parroquial, e de alí tomaremos un desvío a man esquerda que nos conduce directamente á aldea de Sta Mariña. Unha vez alí colleremos o desvío principal a man esquerda, que nos leva xusto á capela.

Bibliografía:
- A. de Yepes: Crónica general de la Orden de San Benito (edición de Pérez de Urbel), II, Madrid, 1960.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
Plantación de arborado sobre o xacemento	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MILITAR	**C-1**	**X_008**

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
A Gurita / A Garita	**XAVIÑA**	**Brañas Verdes**	**Brañas Verdes**

ADSCRICION:	COORDENADAS:	CODIGO XACEMENTO:
Idade Moderna	488837, 4781476	**GA15016REF-1**

DESCRICIÓN:

Xacemento situado a unha altura máxima de 250 msnm desde o que se observa unha grande parte da costa N da Terra de Soneira. Trátase dun outeiro prominente ateigado de afloramentos graníticos, algún moi destacado como o Petón do Encanto, nun contorno de monte baixo a base de de toxo, carqueixa, melga, carrasco macho e femia.

Neste lugar, ao dicir dos veciños das aldeas próximas de Brañas Verdes e Santa Mariña, levantouse unha garita granítica de vixianza marítima ocupada por soldados. Ao parecer aínda se conservan os alicerces desta construción, algo que non puidemos verificar a causa da impracticabilidade dos camiños que, outrora, levaban ao cumio deste monte.

Monte da Vela é outro dos topónimos que identifican este outeiro, o que, ao igual que acontece noutras partes de Galicia (Cangas p.e.) reforza a tese da existencia no cumio dunha estrutura de vixilancia diurna e tamén nocturna, de aí este último topónimo.

O contexto político-militar que motivou a construción desta garita son os mesmos que describimos para a Batería do Soberano.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	III	MALO	COMUNAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN ESPAZOS NATURAIS

OBSERVACIÓNS:

Partindo da vila de Camariñas debemos tomar a estrada AC-432, destino Xaviña. Unha vez alí tomaremos un desvío a man esquerda á altura do lugar de O Cruceiro. Unha vez alí colleremos a estrada local que nos conduce directamente á aldea de Brañas Verdes. Desde alí unicamente poderemos embocar por unha pista forestal (hoxe parcialmente pechada pola vexetación) que nos leva ao N, onde se ubica o Alto da Gurita.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	MÁMOA	D-2	X_009

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Casas Vellas	**CAMELLE**	**Lazo**	**Lazo**

ADSCRICION:	COORDENADAS:	CODIGO XACEMENTO:
Neolítico-Indeterminado	491561; 4780417	**GA15016REF-2**

DESCRICIÓN:

Os veciños/as da aldea próxima de Lazo afirman que neste lugar existían "tres casas vellas de planta circular con antas nas paredes". Os máis vellos aínda recordan velas en pé cando cando acudían de mociños a este lugar co gando. Ao parecer as "antas" (léase ortostatos que formaban as paredes dos megalitos) foron desmontadas polos propios veciños/as en tempo indeterminado para seren reutilizadas na construción de casas, cortes, alpendres e cabazos, así como de peches de propiedades.
O patrón de emprazamento, unha ladeira suave a 200 msnm situada ao SL dun afloramento granítico coñecido como Petón dos Carreiriños (218 msnm; hoxe ocupado por un aeroxerador do Parque Eólico de Pena Forcada), xunto coa descrición dada pola veciñanza fannos pensar nun conxunto de dólmenes do que non é posible visualizar ningún resto a causa da espesa vexetación arbustiva que cubre o solo.

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	III	MOI MALO	COMUNAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RUSTICO PROTECCIÓN FORESTAL

OBSERVACIÓNS:

O xacemento atópase nun contorno de monte baixo a base de toxo, carqueixa, melga, carrasco macho e femia.
Partindo da vila de Camariñas debemos tomar a estrada AC-432, destino Xaviña. Unha vez alí tomaremos un desvío a man esquerda á altura do lugar de O Cruceiro. Unha vez alí colleremos a estrada local que nos conduce directamente á aldea de Brañas Verdes. Pasando este núcleo continuaremos ata o cemiterio parroquial, e de alí ao Alto das Campeleiras, onde tomaremos un desvío a man dereita que nos conduce directamente á aldea de Lazo. Desde alí tomaremos a pista de terra que leva ao Parque Eólico de Pena Forcada.

ELEMENTOS A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS:
As derivadas do nivel de protección	As derivadas do nivel de protección

CLASE ELEMENTO:	TIPOLOXIA:	CLAVE PLANO:	Nº FICHA:
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS	CASTRO	D-4	X_022

F 01

PLANO



DENOMINACIÓN:	PARROQUIA:	NÚCLEO:	LOCALIZACIÓN:
Castro Coroado ou Croado	**PONTE DO PORTO**	**Ponte do Porto**	**Cures (Vimianzo)**

ADSCRICION:	COORDENADAS:	CODIGO XACEMENTO:
I. Ferro ou Medieval	491370, 4775550	**GA15092022**

DESCRICIÓN:

Emprazado no lugar de Cures, parroquia de Cereixo (Vimianzo), a 159 msnm; o xacemento aparece no Inventario Xeral de Galicia coa clave GA15092022, así como no Catálogo do PXOM do concello de Vimianzo, malia que o seu ámbito de protección se insire tamén claramente dentro do termo municipal de Camariñas.

Para os arqueólogos Mª Carmen Álvarez García e Manuel Lestón Gómez, estamos diante dun "xacemento cun importante control visual sobre a zona, sobre todo das terras baixas situadas cara o W. Na parte superior obsérvase un recinto principal de forma ovoide, delimitado por un parapeto de pedra e terra que crea unha superficie lixeiramente aterrazada con respecto ao interior do xacemento, sen apenas destacar en altura, mentres que con respecto ao exterior acada unha altura aproximada que oscila entre 1 e 2 m. No interior deste recinto abundan as afloracións graníticas. As características correspóndense, máis ben, cun emprazamento de control visual de cronoloxía medieval."

CATEGORIA:	AMBITO:	NIVEL PROTECCIÓN:	ESTADO CONSERVACIÓN:	PROPIETARIO:
INVENTARIADO	LOCAL	II-I; II-2	REGULAR	COMUNAL

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

RÚSTICO PROTECCIÓN PATRIMONIO

OBSERVACIÓNS:

Partindo de Camariñas debemos tomar a estrada AC-432, destino a Ponte do Porto. Unha vez alí cruzaremos o río Grande e continuaremos en sentido Cereixo (Vimianzo). Unha vez dentro desta parroquia tomaremos o primeiro desvío a man esquerda, que nos levará directamente ao pé do outeiro coñecido como Castro Coroado ou Croado. De seguirmos de frente unha vez acadado o punto máis elevado, daremos cos xacementos GA15092111 e GA15092112, correspondentes coa necrópole megalítica da Portela do Croado, ambas tamén no concello de Vimianzo.

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

No plano da presente ficha unicamente se grafita o contorno do xacemento situado no Concello de Camariñas.

OBRAS PROHIBIDAS:	OBRAS PERMITIDAS: